



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 19.02.2019**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 19.02.2019

**HORA DE COMEZO:** 12:40 h.

**HORA DE REMATE:** 13:45 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo

D. José M<sup>a</sup> Franco García

D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno

D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 19 de febreiro de 2019, ás 12:40 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20.11.2018).
2. Informe do presidente. Plan de actuacións.
3. Proposta de renovación do acordo para a actualización de contidos da páxina web en 2019, mantemento e comunicación.
4. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para organizar, en Pontevedra, a VIII edición de Edugal "Salón de educación e formación de Galicia".
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio do seminario internacional "Comunicación social e opinión pública nas ditaduras: narrativas, representacións e idearios". A desenvolver no Campus de Pontevedra.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Historia para organizar a "II Olimpíada galega de Historia. Fai Historia con nós", no Campus de Ourense.
7. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio presentada polo Instituto de cultura científica, ciencia e tecnoloxía (ICCT), para conmemorar o 10º aniversario da revista "Investigación".
8. Acordo que proceda sobre a proposta que achega a Vicerreitoría de captación de alumnado para a organización da carreira "HappyGoRunning", no Campus de Vigo.
9. Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio dun Premio a iniciativas de innovación social, dentro do evento "Hack for Good 2019", previsto no Campus de Vigo.
10. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a publicación do traballo "Las esferas jurídicas de dos mundos: binomio posesión-dominio", dado o seu interese científico.
11. Acordo que proceda sobre a petición de axuda económica presentada para a edición dun libro-homenaxe ao profesor Argimiro Rojo, ex-responsable do Tribunal de garantías da UVigo.
12. Acordo que proceda sobre o patrocinio da proposta de elaboración dun Barómetro de empregabilidade dos alumnos da UVigo, en tres etapas distintas. Execución e edición de resultados.
13. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende a Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial para organizar o Foro Tecnolóxico orientado a facilitar a empregabilidade dos alumnos das escolas técnicas do Campus de Vigo.
14. Rogos e preguntas.

---

*Don Ernesto Pedrosa agradece a asistencia dos membros presentes, que comparecen na súa totalidade na sesión.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20.11.2018).*

- ***Apróbase por asentimento.***



## **PUNTO 2**

*Informe do presidente. Plan de actuacións.*

Dá conta don Ernesto Pedrosa da reunión á que asistiu xunto co reitor, as vicerreitoras de Comunicación e de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria, o vicerreitor de Ordenación académica e profesorado, os profesores Luis Espada e Víctor M. Cacharrón, e o secretario do Consello Social, para por en marcha o Observatorio de Egresados, adoptándose os primeiros acordos operativos sobre a creación da páxina Web e a preparación do modelo dunha revista dixital, ademais doutras accións a medio e longo prazo.

## **PUNTO 3**

*Proposta de renovación do acordo para a actualización de contidos da páxina web en 2019, mantemento e comunicación.*

Propónse renovar a contratación externa da actualización de contidos na Web, o mantemento e a comunicación, de xeito que se poida garantir que estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada as necesidades actuais e as actividades do Consello Social, con unha estrutura informativa máis axeitada e comprensible.

- ***Asínanse 500 € + IVE mensuais durante 2019, prevendo unha revisión semestral en xuño.***

## **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para organizar, en Pontevedra, a VIII edición de Edugal "Salón de educación e formación de Galicia".*

Explica o presidente que Pontevedra acollerá entre finais de febreiro e principios de marzo unha nova edición de EDUGAL, organizado pola Asociación da pequena e mediana empresa. Recoñécese como o maior salón ca maior oferta de educación e formación de Galicia. Un lugar de encontro para coñecer todas as ofertas educativas, profesionais, formativas ou laborais, dirixida especialmente a alumnos que estean rematando a ESO, Bacharelato ou ciclos de Formación.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

## **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio do seminario internacional "Comunicación social e opinión pública nas ditaduras: narrativas, representacións e idearios". A desenvolver no Campus de Pontevedra.*

O Campus de Pontevedra acollerá un seminario internacional, dirixido a alumnos e aberto á sociedade, para abordar o uso da comunicación social e a súa influencia na conformación de contextos políticos autoritarios ou de transición de ditaduras a democracias ou viceversa. Un asunto de máxima actualidade polo emprego masivo das redes sociais e pola proliferación de métodos e soporte para persuadir á sociedade. Participan 24 investigadores de recoñecido prestixio procedentes de 24 países. Don Ernesto Pedrosa expón os orzamentos e a solicitude que se achegan.

- ***Concédese unha axuda de 4.200 €.***



### **PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Historia para organizar a "II Olimpíada galega de Historia. Fai Historia con nós", no Campus de Ourense.*

Iniciativa con premios da Facultade de Historia, no Campus de Ourense, dirixida a estudantes con matrícula no 4º curso da ESO, para promover o seu interese pola Historia, fomentar actividades novidosas da docencia, acceder a habilidades transversais de comunicación oral e escrita e senso crítico do estudantado, e fortalecer as relacións entre os centros de secundaria e a Universidade, ademais de subliñar a relevancia das disciplinas humanísticas para a comprensión do mundo. Subliña o presidente o esforzo que está a facer a Facultade para manter e gañar matrícula, que xustifica a máxima axuda inscribindo esta proposta na acción múltiple que desenvolve o centro neste senso.

- ***Apróbase unha axuda de 1.500 €.***

### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio presentada polo Instituto de cultura científica, ciencia e tecnoloxía (ICCT), para conmemorar o 10º aniversario da revista "Investigación".*

Máis de 300 investigadores teñen publicado os seus traballos nesta revista, nacida co apoio do Consello Social, e que cumpre dez anos de vida. O presidente resalta esta circunstancia. A efemérides será celebrada cun acto que terá ao doutor en Biolóxicas na Complutense de Madrid, e catedrático de Paleontoloxía, Juan Luis Arsuaga como protagonista central. Arsuaga foi Premio Príncipe de Asturias de investigación en 1997, e creador da Fundación Atapuerca. Don José María Franco destaca o prestixio do conferenciante.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

### **PUNTO 8**

*Acordo que proceda sobre a proposta que achega a Vicerreitoría de captación de alumnado para a organización da carreira "HappyGoRunning", no Campus de Vigo.*

Resume a documentación don Ernesto Pedrosa, explicando que a tradicional proba, que chega a 13ª edición, está organizada pola Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria. Cualifica a actividade como de alto interese, a efectos de darlle a maior axuda posible e engade que se levará a cabo na contorna do Campus de Vigo e ten carácter solidario, sendo o mesmo tempo a sexta edición da Carreira galaico-duriense "Móvetese contra a droga", na que colaboran universidades de Galicia e norte de Portugal. Espérase a asistencia de máis de 800 deportistas, con unha elevada representación dos sete Campus da área galaico-duriense.

- ***Concédense 2.000 €.***

### **PUNTO 9**

*Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio dun Premio a iniciativas de innovación social, dentro do evento "Hack for Good 2019", previsto no Campus de Vigo.*

O Premio do Consello Social á innovación social enmárcase no "Hack for Good 2019", que se celebra en doce cidades españolas, entre elas Vigo. O obxectivo é convocar a alumnos e cidadáns que aporten e desenvolvan novas ideas, servizos, aplicacións ou tecnoloxías que axuden a resolver problemas sociais. Dado o aumento de asistentes e participantes na iniciativa, este ano trasládase



ao Teatro do Campus, con máis capacidade que o espazo utilizado ata agora no Edificio Miralles. Mantense o apoio de anteriores edicións.

- ***Apróbase a dotación de 500 €.***

#### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a publicación do traballo "Las esferas jurídicas de dos mundos: binomio posesión-dominio", dado o seu interese científico.*

Interveñen neste punto don Ernesto Pedrosa, don Miguén A. Michinel e don Ignacio Rodríguez para facer distintas valoracións e aclarar algunhas cuestións sobre a coedición do traballo "As esferas xurídicas de dous mundos: binomio posesión-dominio", do que é autor o catedrático de Dereito Romano na Facultade de Dereito, no Campus de Ourense, Guillermo Suárez Blázquez. Tense en conta a baixa demanda deste tipo de axudas, que doutro xeito serían inaceptable, a posible incidencia nas axudas que ofrece o Servizo de Publicacións da UVigo, e a conveniencia de solicitar unha valoración de expertos sobre a valía do traballo. Finalmente acórdase solicitarlle ao autor unha sinopse para coñecer o contido do traballo e valórase que a editorial Tirant Lo Blanch é a máis prestixiosa de España no ámbito xurídico, consonte o CSIC, e a de maior impacto e proxección nacional e internacional. Tamén se valora a traxectoria académica e investigadora do autor, o que se engade á circunstancia de ser un dos primeiros docentes da UVigo.

- ***Asígnanse 1.820 €.***

#### **PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a petición de axuda económica presentada para a edición dun libro-homenaxe ao profesor Argimiro Rojo, ex-responsable do Tribunal de garantías da UVigo.*

Profesores da Área de Ciencia política e da administración, da UVigo, promoven unha publicación en recoñecemento do catedrático Argimiro Rojo, a piques de xubilarse e membro do primeiro equipo de docentes que alumearon a universidade. Valoran o pulo que deu á Área, da que sempre foi responsable, a dobre condición de profesor e investigador "de excelencia internacional", e o seu compromiso á fronte do Tribunal de Garantías da UVigo, ata acadar a presidencia da Rede iberoamericana de Defensorías universitarias. Don José María Franco remarca a importancia do homenaxeado.

- ***Apróbase unha aportación de 1.500 €.***

#### **PUNTO 12**

*Acordo que proceda sobre o patrocinio da proposta de elaboración dun Barómetro de empregabilidade dos alumnos da UVigo, en tres etapas distintas. Execución e edición de resultados.*

Neste estudo –mediante a análise dos estudantes e dos empregadores– propónse medir a posibilidade de atopar un emprego adecuado á preparación do alumno, e mantelo. O traballo desenvolverase en tres etapas: o perfil e as circunstancias do estudante que se matricula; a empregabilidade percibida polos alumnos de cuarto curso; e a percepción dos empregadores respecto das competencias que precisan e as que amosan os estudantes da UVigo que contratan. O estudo está dirixido polas profesoras do Departamento de Organización de empresas e márketing Gloria Caballero e M<sup>a</sup> Jesús López Miguéns, autoras ata 2018 do traballo encargado polo Consello Social "Confianza e percepción dos estudantes da UVigo na súa empregabilidade", que se da por concluído. Profunda o secretario en determinados aspectos da iniciativa e resalta a



importancia dos resultados para coñecer un aspecto clave das prestacións universitarias. O apoio condicionase a que se faga no seu momento unha presentación pública dos resultados.

- ***Asígnanse 8.600 € e 1.393,60 €, para a publicación dos traballos e a edición de 90 exemplares en galego e castelán.***

### **PUNTO 13**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende a Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial para organizar o Foro Tecnolóxico orientado a facilitar a empregabilidade dos alumnos das escolas técnicas do Campus de Vigo.*

Da conta o presidente dos aspectos máis destacados da proposta, subliñando como valores a ter en conta que se trata dunha iniciativa dos alumnos, que está enfocada a facilitar a empregabilidade e que convoca a empresas e estudantes nun mesmo espazo compartido de intercambio directo. Os asistentes conveñen en manter a mesma axuda concedida en 2018.

- ***Apróbase unha aportación de 1.600 €.***

### **PUNTO 14**

*Rogos e preguntas.*

Dona Mercedes Castro e don César Blanco protagonizan un intercambio de pareceres entre os asistentes sobre o coñecemento que existe do Consello Social nos ámbitos empresarial e social en xeral, e posibles iniciativas para fomentalo. Don José María Franco interésase pola posta en marcha da Oficina de egresados na UVigo e aporta documentación sobre como se leva a cabo esta labor nas universidades de Oxford e Cambrigde, por se fose de utilidade, ofrecendo así mesmo nesta xeira a experiencia e o apoio da Asociación de amigos e antigos alumnos na medida das súas posibilidades. Resposta o presidente remitíndose e ampliando a información ofrecida no punto 2, e finalmente informa sobre os preparativos dunha nova edición en Vigo das Xornadas de Mecenado e Fundraising.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas do 19 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias